

ACTA Nº 2022/12

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO DE CEE, xoves 27 de outubro de 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria en réxime de acumulación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
CONCELLEIROS/AS: RUBEN VILLAR AGULLEIRO EMILIA M ^a TRILLO LOJO JUAN MANUEL BUITURÓN CARBALLO JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA M ^a VICTORIA AREAS POSE AGUEDA MARIA DÍAZ MEJUTO MARIA DEL PILAR IGLESIAS LEMA CARMEN DÍAZ FREIRE SARA BEIRO BLANCO (<i>incorpórase á sesión plenaria unha vez que toma posesión do seu cargo</i>) SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO CÉSAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
SECRETARIA EN ACUMULACIÓN ROSA ANA GARCÍA FERNÁNDEZ
INTERVENTORA ROSA M ^a FERNÁNDEZ CANOSA
AUSENTE JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a Sra. alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión, indicando para coñecemento dos/as concelleiros/as e as persoas asistentes no público que a sesión será gravada e emitida en redes sociais.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, ope legis, das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



I. Borrador da sesión ordinaria realizada o día 30 de setembro de 2022 (Acta 2022/11)

Non existindo alegacións á acta da sesión mencionada, queda aprobada por unanimidade.

2. Toma de posesión da concelleira dona Sara Beiro Blanco (partido IxCEE), por renuncia de don Ramón Ramiro Vigo Sambade.

A secretaria manifesta que foi recibida no Concello, remitida pola Xunta Electoral Central, a credencial de concelleira a favor de Dona Sara Beiro Blanco, quen presentou na Secretaría municipal a declaración de bens, intereses e incompatibilidades determinada pola Lei.

Dona Sara Beiro xura a continuación ante o Pleno o seu cargo, segundo fórmula legal, tomando a continuación sitio no Pleno xunto ao seu Grupo.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

3. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos nº 3/2022, por importe de 4.094,47 €. (EXPTE. Nº 2022/T002/000036)

A Secretaria manifesta que se somete a consideración plenaria a proposta da alcaldía, recollida a continuación, que consta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda do día 24 de outubro de 2022:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS 3/2022 DE FACTURA SEN CRÉDITO.

EXPEDIENTE Nº 2022/T002/000036.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o expediente Nº 2022/T002/000036 relativo ao Recoñecemento Extraxudicial de Crédito Nº 3/2022 de factura sen crédito do exercicio corrente (factura correspondente á medición final da obra do POS + ADICIONAL 2021 Pavimentación e renovación de servizos Escabanas a Ponte da Groba) que ascende a un importe de 4.094,47€.

Visto o informe de Fiscalización emitido pola Sra Interventora de desconformidade con suspensión da tramitación do expediente e da execución dos gastos ata que os reparos sexan solventados ou sexa resolta a discrepancia plantexada en relación ca factura afectada polo reparo.

Resultando que por Resolución da Alcaldía de data 18 de outubro de 2022 foi habilitado o crédito necesario para posibilitar a aprobación da certificación e factura correspondente.

Visto que corresponde ao Pleno da Corporación a resolución da discrepancia plantexada baseada na insuficiencia de crédito (artigo 217.2.a/ do Real Decreto Legislativo 2/2004) e así mesmo, ao solventar o reparo deberá recoñecer extraxudicialmente as facturas

*En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:*



PRIMEIRO.- *Levantar o reparo interposto pola Intervención Municipal baseado na insuficiencia de crédito no momento de realización do gasto.*

SEGUNDO.- *Aprobar o REC 3/2022 polo importe de 4.094,47€.*

*Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."*

A Sra. Alcaldesa explica o contido da proposta, iniciándose o debate por Dona Pilar Iglesias Lema: *"Nos imos a abster e seguramente terá que levantar outro reparo de Intervención como sempre nos recordaba a nós".*

A Sra. Alcaldesa responde: *"Cando vostedes era algo común en todas as sesións ordinarias, como punto da Orde do Día."*

Sometido o asunto a votación, queda aprobado polos votos a favor dos integrantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e a abstención do resto dos integrantes do Pleno.

DA COMISIÓN DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

4. Proposta da alcaldía relativa ao informe favorable ao cambio de nome do centro educativo CEIP Plurilingüe Eugenio López por CEIP Plurilingüe Vila de Cee. (EXPTE. Nº 2022/G012/000029)

Este asunto está así mesmo ditaminado de conformidade pola Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego, do día 24 de outubro de 2022.

A Sra. Alcaldesa explica o contido da proposta.

Intervén, a continuación, Dona Pilar Iglesias Lema: *"O noso grupo mantivo sempre unha postura ao respecto de que a Administración Local cumpra tamén a normativa da memoria histórica e que isto debería tamén de facelo a Xunta. Os informes son favorables e non temos nada en contra."*

Seguidamente intervén Don Serxio Domínguez Louro: *"Alégrome de que isto saia adiante e que ese colexio teña un nome acorde coa realidade actual e que cumpra coa Lei da Memoria Histórica. A primeira vez que o BNG trouxo este punto a Pleno aínda eu non militaba nel. Alegrámonos de que se vaia denominar así pois foi o que nós propuxemos no seu momento. É tamén unha oportunidade perdida para recoñecer a Dona Mercedes Abella, mestra asasinada no 36 polo franquismo e darlle o seu nome ao colexio, pero ao non querer o Pleno pór nome de persoa, propuxemos o de Vila de Cee."*

A Sra. Alcaldesa resposta: *"Non foi o Pleno senón o Consello Escolar quen non quería que o Centro levase o nome dunha persoa. Coincido tamén en que isto é un feito histórico, despois de tantos anos e propostas."*

Sometida a proposta a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda darlle a súa aprobación, sendo recollida literalmente a continuación:



“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Informe favorable ao cambio de nome do centro educativo do C.E.I.P. Plurilingüe Eugenio López, ao amparo do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996. do 17 de outubro).

Expediente Nº: 2021/X999/000299.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o escrito presentado por Dna. María Jesús Souto Caamaño, directora do CEIP Plurilingüe Eugenio López, de data 18 de outubro de 2022 e nº de rexistro municipal 2858, ao que xunta a certificación da secretaria do Centro, na que se indica que o Consello Escolar do CEIP Plurilingüe Eugenio López acordou en data 11 de outubro de 2022 substituír o nome actual do centro educativo polo nome CEIP PLURILINGÜE VILA DE CEE.

Visto o informe emitido en data 18 de outubro de 2022, polo técnico municipal de cultura, D. Víctor Castiñeira Castro, que literalmente se transcribe:

“Informe en relación ó escrito presentado polo
CEIP Plurilingüe Eugenio López solicitando o cambio de nome do centro

Víctor Manuel Castiñeira Castro, Técnico de Administración Xeral, escala Xestión, na concellería de Deportes, Cultura, Festexos e Turismo do concello de Cee, unha vez examinado o escrito presentado por Dna. María Jesús Souto Caamaño, directora do CEIP Plurilingüe Eugenio López de data 18 de outubro de 2022 e nº 2858 de rexistro municipal de 18 de outubro de 2022, emito o seguinte

INFORME:

Antecedentes

O Consello Escolar do CEIP Plurilingüe Eugenio López acordou en data 11 de outubro de 2022 substituír o nome actual do centro educativo polo nome CEIP Plurilingüe Vila de Cee.

O Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro) establece no seu artigo 8.1 que "As escolas de Educación Infantil dependentes da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria terán, segundo corresponda, a denominación xenérica de Escola de Educación Infantil, Colexio de Educación Primaria ou Colexio de Educación Infantil e Primaria e a denominación específica que aprobe a dita Consellaría por proposta do Consello Escolar do centro e co informe favorable do Concello".

Conclusións



Exp. 2022/G010/000012

Este técnico informa **favorablemente** a esta petición, dado que co novo nome proposto, o centro educativo queda máis enraizado, se cabe, no lugar no que está asentado, dignificando o nome da nosa vila e quedando deste xeito, éste unido a algo tan primordial en calquera sociedade como é a propia educación e ensino das actuais e vindeiras xeracións de ceenses.

E para que así conste e aos efectos oportunos, asino o presente informe en Cee, na data da sinatura dixital.

O Técnico

Asdo. Víctor Manuel Castiñeira Castro”

Por todo o exposto e en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o cambio de nome do centro educativo CEIP Plurilingüe Eugenio López polo nome CEIP PLURILINGÜE VILA DE CEE, ao abeiro do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 37411996. do 17 de outubro).

SEGUNDO.- Dar traslado do informe favorable, aos efectos oportunos e en consecuencia considerar efectuado o trámite obrigatorio do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

Asinado dixitalmente ao marxe
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

5. Proposta da alcaldía de aprobación do III Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes e Prevención da violencia de xénero. Concello de Cee, 2022-2027. (EXPTE. Nº 2022/G012/000029).

A Sra. Alcaldesa cede a palabra a Dona Emilia Trillo, quen explica: “Trátase de aprobar o III Plan de Igualdade Municipal. O segundo foi de 2009 a 2012 e cremos que este é un Plan de traballo moi amplo pero realista.”

Así mesmo, explica brevemente o contido do Plan.

Inicia debate Dona Pilar Iglesias: “Entendo que foi redactado por unha empresa e estou de acordo en que se faga. Nas liñas estratéxicas do Plan fala de formar a cargos públicos e teño que dicir que estou a asistir a cursos de formación nesta materia e invítoos a vostedes, que cobran o seu cargo, a que os fagan tamén. Chámame a atención o de 2022-2027 porque teño entendido que estes plans fanse para catro anos e propoño que o Plan sexa 2023-2027.”

Dona Emilia Trillo resposta: “Os plans municipais non teñen ese límite e xa o consulte, pero se o problema é ese, poñemos 2023-2027.”

Don Serxio Domínguez intervén: “Estamos de acordo en apoiar este Plan pero, sendo tan amplo,



botamos de menos non ter máis tempo para estudalo debidamente e poder contrastar opinións.”

O asunto foi ditaminado de conformidade pola Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego, do día 24 de outubro de 2022. Sometida a proposta a votación, o Pleno, por unanimidade dos seus integrantes, acorda a aprobación da proposta neste punto, recollida a continuación (**A data do plan será segundo este acordo 2023-2027**):

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: *III Plan de Igualdade de oportunidades de mulleres e homes e de prevención da violencia de xénero. Concello de Cee, 2022-2027*

Expediente Nº: 2022/S005/000001

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello, co fin de pór de manifesto o compromiso real e decidido do Concello de Cee coa igualdade, nun contexto actual tan pouco favorable, e co fin de establecer unha planificación estratéxica que continúe promovendo a eliminación das discriminacións, desigualdades e violencias que sofren as mulleres polo simple feito de selo e que dificultan o disfrute dos seus dereitos e limitan as súas oportunidades.

*En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**:*

Aprobar o *III Plan de Igualdade de oportunidades de mulleres e homes e de prevención da violencia de xénero. Concello de Cee, 2022-2027, o cal supón un marco de actuación que integra o principio reitor da transversalidade como unha estratexia para promover a igualdade de oportunidades dunha forma global e integral e que conleva a introdución da perspectiva de xénero en todas as políticas, programas e actuacións na Administración Local de xeito transversal.*

*Asinado dixitalmente ao marxe
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”*

6. Proposta da alcaldía de adhesión do Concello de Cee á Rede Española de Cidades Saudables. (EXPTE. Nº 2022/G012/000029).

Este asunto foi ditaminado favorablemente na Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego, do día 24 de outubro de 2022.

A Sra. Alcaldesa explica brevemente o contido da proposta, manifestando que con esta adhesión terase a posibilidade de optar a diversas subvencións.

Dona Pilar Iglesias intervéñen: *“Vamos a adherirnos pero creo que hai cousas máis importantes que facer e ademáis hai que pagar unha cuota de 500 €.”*



Exp. 2022/G010/000012

A Sra. Alcadesa resposta: *“Agora sairán unhas subvencións ás que Cee pode optar, vinculadas á saúde e o deporte e é importante obtelas para facer melloras nesta materia para os veciños; compensa por iso pagar unha cuota de 500 €.”*

Don Serxio Domínguez manifesta seguidamente: *“Apoiarémolo pero queremos que isto non quede nunha adhesión sen máis e que vaia acompañada dun proxecto. O BNG ten un modelo poboacional de cidades como Pontevedra ou Carballo, no que se gaña en saúde para vivir e é a liña que queremos seguir. Debemos poñernos a traballar xa neste Plan.”*

Por unanimidade, o Pleno aproba a proposta neste punto, que se recolle a continuación:

“PROPUESTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: ADHESIÓN A LA RED ESPAÑOLA DE CIUDADES SALUDABLES

EXPEDIENTE MUNICIPAL: 2022/A006/000013

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa del Ayuntamiento de Cee, considerando que la Red Española de Ciudades Saludables persigue la promoción y protección de la salud y el bienestar de los ciudadanos, en concordancia con los principios de actuación correspondientes al proyecto “Healthy Cities” de la Organización Mundial de la Salud.

A grandes rasgos, los objetivos de esta Sección de la FEMP se centran en:

- Asegurar el mantenimiento de los contactos interinstitucionales para la consolidación de las relaciones intersectoriales, necesarias en el ámbito de la promoción y protección de la salud.*
- Fomentar la colaboración y la acción conjunta de las ciudades participantes en materia de promoción y protección de la salud.*
- Ayudar a las ciudades participantes a desarrollar modelos operativos de promoción y protección de la salud en la comunidad, que puedan servir como modelos de buena praxis en lo concerniente a la promoción y protección de la salud en el contexto urbano, en concreto el diagnóstico y los planes de salud.*

En uso de las facultades atribuidas por la legislación vigente, PROPONGO AL PLENO DE LA CORPORACIÓN la adopción del siguiente ACUERDO:

1º.- El Pleno de la Corporación aprueba la adhesión del AYUNTAMIENTO DE CEE a la Red Española de Ciudades Saludables y de cumplir sus fines estatutarios y, en consecuencia, se compromete a:

- a. Tener elaborado un análisis de situación y un plan de salud para la ciudad o el compromiso de elaborarlo.*
- b. Cumplir con las obligaciones y ejercer los derechos establecidos en los artículos 8, 14 y 15 de las Normas de Funcionamiento y Organización de la Red Española de Ciudades Saludables y, especialmente, la de abonar a la FEMP la cuota de socio titular de la Red que cada año corresponda a esta Entidad Local, en función del número de sus habitantes, y que en el presente ejercicio asciende a 500 euros.*



2º.- *Que por la Alcaldesa se realicen todos los trámites oportunos para que la adhesión del AYUNTAMIENTO DE CEE a la Red Española de Ciudades Saludables sea efectiva.*

Firmado digitalmente al margen.

Alcaldesa del Ayuntamiento de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA, DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

7. Dar conta de Resolúcións da Alcaldía para coñecemento: da nº 899/2022 do 27 de setembro de 2022 á nº 979/2022 do 20 de outubro de 2022.

O Pleno queda enterado.

8. Dar conta dos envíos ao MHAP (Expediente EXPTE. Nº 2022/T002/000036):

- P.MP. 3º trimestre de 2022
- Morosidade 3º trimestre de 2022
- Execución presupostaria 3º trimestre 2022

O Pleno queda enterado.

9. Rogos e preguntas.

Don Antonio Domínguez: *“Antes de chegar ao cemiterio vello hai 5 ou 6 casas sen sumidoiros que xa o pediron e a quen lle contestaron no Concello que era preciso un bombeo e que se o pagaban se lle poría”.*

A Sra. Alcaldesa contéstalle que iso non foi así.

Continúa Don Antonio Domínguez: *“Conseguíuse o permiso para o de Bazarra?”*

A Sra. Alcaldesa contesta: *“É preciso que os propietarios traian os documentos para ver se dan os permisos.”*

Continúa Don Antonio Domínguez: *“Quedou en facer unha comisión sobre o do Centro comercial, fíxoaa?”*

A Sra. Alcaldesa resposta: *“Farase cando veña a Secretaria titular; pediuse unha auditoría das contas e outros temas que xa explicarei.”*

Intervén Dona Pilar Iglesias: *“Refírese á reunión co Centro comercial do 5 de outubro, cando lle deron unha serie de suxerencias, ou foi antes cando as tivo?”*



Exp. 2022/G010/000012

A Alcaldesa resposta: *“Presentáronse suxerencias que se lle deron a Secretaría e Intervención para estudio e cando vin ao Pleno non tiña coñecemento delas.”*

Dona Pilar Iglesias volve intervir: *“Que nos di sobre os viais interiores de Toba?”*

A Alcaldesa resposta: *“Non se presentou ningunha empresa e estamos estudiando se sacala a licitación de novo ou facer un negociado.”*

Dona Pilar Iglesias pregunta: *“Tivo reunión pola caldeira da piscina? Entendemos que o Concello debe de arranxalo porque as instalacións son nosas.”*

A Alcaldesa explica: *“Tivemos unha reunión e a empresa pediu orzamentos e esperamos que a vindeira semana estea solucionado. Estanse a estudar diferentes alternativas. A caldeira é de 1997 e está en moi mal estado; hai que cambiala e custa máis ou menos 7.000 € e queremos que se poida adaptar se logo se colocan placas fotovoltaicas, que están en trámite de solicitude de subvención.”*

No seu turno, Don Serxio Domínguez pregunta: *“De que cantidade falamos no saneamento de Bazarra? Sopesouse a posibilidade de facerse cargo do bombeo? Ou facer un pozo na vía?”*

A alcaldesa resposta: *“Daquela eran uns 40.000 €, agora serán 80.000 €. Non se sopesou o do bombeo pois está nunha finca de propiedade privada; o proxecto non contemplaba os requisitos esixidos e deuse permiso sen máis. A Xunta xa veu ver este asunto e non ven viable o da vía.”*

Tras dar a benvinda á nova concelleira os voceiros dos grupos municipais, ás 20:35 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria en acumulación, dou fe.

A secretaria en acumulación, Rosa Ana García Fernández

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán